



PROGRAMACIÓN 24, 26 E 29 DE AGOSTO

XOVES 24 DE AGOSTO ás 22. 00 Praza de Galicia

MAIMIÑO E O ESPELLO MÁXICO

Proxección da película “Maimiño e o espello máxico”, a primeira película de animación infantil en galego, froito dunha coproducción galego – cubana baseada na adaptación do clásico conto de “Pulgarcito”. A obra está dirixida por Ernesto Padrón, e conta unha historia chea de ritmo e enerxía que incorpora na súa trama algún dos valores máis relevantes para a infancia como a amizade, a xustiza social, o amor ou a importancia do esforzo.

Dirixida a público infantil e familiar.

SÁBADO 26 DE AGOSTO ÁS 21.-30 H CASA DA CULTURA

Teatro do Improvisto presenta Gretel

Coñeces a historia de Hansel e Gretel? Ti pensas que si, verdade? Pero se che pregunto : coñeces a verdadeira historia de Hansel e Gretel? Agora que?

Xa dúbidas, a que si?

Esquece todo o que pensabas saber sobre estes dous entrañables personaxes de conto e prepárate e coñecer o seu verdadeiro destino.

Segredos, revelacións, mentiras, traizóns, fuxidas, secuestros e fariña... moita fariña.

Teatro do Improvisto presenta Gretel

Espectáculo dirixido a público preferentemente a partir de nove anos.

MARTES 29 DE AGOSTO ÁS 22.00 H PRAZA DE GALICIA

A PRAIA DOS AFOGADOS

É un filme galego de drama e suspense dirixido por Gerardo Herrero, adaptación da obra de Domingo Villar.

Unha mañá o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata a costa. Sen testemuñas nin pistas da embarcación do finado, o inspector Leo Caldas mergullase no ambiente mariñeiro da vila, tratando de poñer en claro o crime.

Dirixido a maiores de 12 anos.